

Núm. Expte: 2018/XENALC/000011

BASES REGULADORAS DO USO DAS HORTAS MUNICIPAIS COMUNITARIAS

1.- Obxecto e finalidade

O obxecto destas bases é o de regular o procedemento, en réxime de concorrencia competitiva, para a autorización do uso das hortas municipais comunitarias.

O uso deste tipo de hortas busca mellorar a calidade de vida e a saúde da veciñanza a través da recuperación de espazos urbanos para o uso público, coa fin de promover, entre outros, boas prácticas ambientais como a xestión dos residuos, o aforro de auga ou a agricultura ecolóxica; fomentar o carácter educativo e lúdico dos hortos; favorecer a integración de determinados colectivos facilitando a creación de novas relacións, etc.

2.- Réxime xurídico aplicable

O uso das hortas municipais comunitarias rexerá polo previsto nas presentes bases e anexos, consonte á lexislación do réxime xurídico e do patrimonio das entidades locais.

3.- Características das parcelas

Estas instrucións aplícanse ás parcelas de titularidade municipal onde se desenvolvan as hortas comunitarias, as cales están sitas no Mirador de Monte Porreiro, cada parcela cunhas dimensións de 0,7x6 metros, e na denominada Horta do Conde da rúa Conde Bugallal, cuxas parcelas teñen unhas dimensións de 2x10 metros.

4.- Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias da autorización para uso das hortas municipais comunitarias as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Estar empadroada no Concello de Pontevedra.
- c) Que non fose revogada como usuaria das hortas municipais en convocatorias anteriores.
- d) Estar capacitada, segundo declaración responsable, para realizar as tarefas agrícolas no horto municipal comunitario.

Así mesmo, só poderá ser autorizada unha persoa por unidade familiar, entendéndose por esta todas aquelas persoas que figuran empadroadas nun mesmo domicilio.

5.- Criterios de asignación das autorizacións de uso

A) En primeiro lugar, asignaranse as parcelas ás persoas que conten con autorizacións derivadas de convocatorias anteriores que non fosen revogadas, sempre e cando cumpran na actualidade os requisitos esixidos nas bases 4ª e 14ª.

B) En segundo lugar, coas parcelas sobrantes procederase á realización dun sorteo nas dependencias municipais da oficina de Medio Ambiente Natural, en data anunciada publicamente, tendo en conta a seguinte orde de clasificación logo do sorteo:

1º Persoas usuarias do Servizo de Benestar Social ou do Centro de Información á Muller, segundo a orde obtida no sorteo.

2º Restantes persoas solicitantes.

6.- Solicitudes e documentación a presentar

As persoas interesadas deberán de solicitalo, no prazo establecido nestas bases, a través do modelo oficial que se achega como Anexo I, debidamente cumprimentado e asinado.

Debe presentarse a seguinte documentación:

1. Instancia de solicitude que inclúe a declaración responsable de que reúne todas as condicións esixidas na presente convocatoria (Anexo I)
2. Copia do DNI do solicitante ou documento que o substitúa legalmente

A presentación de solicitudes supón, por parte das persoas solicitantes, a aceptación das instrucións destas bases e os seus anexos, con sometemento expreso ás estipulacións contidas nas mesmas.

Ademais, implica autorizar ao Concello de Pontevedra para a publicación dos datos de carácter persoal necesarios, que non estean especialmente protexidos, durante o desenvolvemento do procedemento, así coma a cotexar os requisitos esixidos nos arquivos municipais.

A oficina xestora solicitará de oficio o informe emitido polos Servizos Sociais municipais ou polo Centro de Información á Muller, de ser o caso, no que se acredite a condición de usuario/a deste servizo. Asemade, solicitarase de oficio o informe municipal no que se acrediten os datos relativos ao empadramento no Concello de Pontevedra das persoas solicitantes.

O Concello de Pontevedra resérvase a posibilidade de requirir aos solicitantes calquera documentación que considere necesaria aos efectos de acreditación dos requisitos contemplados nas presentes bases.

7.- Presentación de solicitudes

A instancia coa correspondente documentación solicitando a autorización do uso dunha horta municipal comunitaria presentarase, no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra ou a través da Sede Electrónica do Concello (<http://sede.pontevedra.gal/>), no prazo que vai do 23/07/2018 ao 22/08/2018.

Tamén poderá presentarse a solicitude en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As deficiencias na solicitude e as omisións nos documentos obrigatorios deberán emendarse, previo requirimento, no prazo de 10 días dende a data da súa notificación, na que se indicará que se non se fixera terase por desistido da súa petición, sendo arquivada a solicitude previa resolución.

8.- Lista de agarda

Unha vez adxudicadas as parcelas, crearase unha lista de agarda cos solicitantes que non obtiveran unha parcela, seguindo a mesma orde de preferencia que a subliñada na base 5ª e a cal terá validez durante o período de vixencia da presente convocatoria.

No suposto de quedar vacante algunha parcela por algunha das causas prevista na base 16ª, esta adxudicarase segundo a orde que ocupe cada solicitante na lista de reserva e durante o período que reste ata a finalización do prazo de uso da parcela da persoa cesante.

9.- Tramitación de solicitudes

1. O órgano instrutor do procedemento será a Oficina de Medio Ambiente Natural, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. As actividades de instrución comprenderán a petición do informe dos Servizos Sociais municipais e/ou do Centro de Información á Muller no que se acredite a condición de persoa usuaria dos ditos servizos e a petición do informe municipal no que se acrediten os datos relativos ao empadramento no Concello de Pontevedra das persoas solicitantes.

10.- Órgano Colexiado encargado da avaliación das solicitudes e da revisión do sorteo

Un órgano colexiado será o encargado de avaliar as solicitudes presentadas e de revisar o sorteo garantindo o correcto reparto das autorizacións de uso das hortas. Este órgano deberá de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada e do resultado do sorteo, propoñendo o outorgamento ou denegación da autorización de uso das hortas municipais comunitarias previstas nas presentes bases.

Este órgano colexiado estará formado por:

- a) Concelleiro/a responsable na materia de medio ambiente natural ou quen o substitúa, que presidirá o dito órgano.
- b) A técnica de Medio Ambiente Natural encargada da xestión.
- c) Un/ha representante do Servizo de Benestar Social, designado pola xefatura do Servizo.

11.- Órgano Competente para resolver

A concellería de Medio Ambiente Natural resolverá, tras o sorteo, a lista de persoas autorizadas a usar as hortas municipais comunitarias.

Contra esta resolución poderán presentarse os recursos que correspondan, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.- Uso dos Hortos

- a) A persoa usuaria só poderá utilizar o terreo que se lle concede para uso de horta establecido nas presentes bases, medidas que serán aceptadas no momento da sinatura do documento de aceptación.
- b) O uso da horta será exclusivo para o cultivo agrícola de plantas hortícolas e froitos de plantas arbustivas e aromáticas de baixo porte. Non se permite a plantación de árbores ou sebes nin plantas psicotrópicas e/ou prohibidas pola lei.

- c) Estas hortas son para cultivo ecolóxico polo que non está permitida a aplicación de fitosanitarios, agás aqueles que estean compostos por produtos naturais e sexan autorizados polo Concello ou empresa na que, no seu caso, delegue a xestión.
- d) Non está permitido, baixo ningún concepto, o uso, cría ou explotación de animais nos hortos.
- e) Queda expresamente prohibida a construción de cabanas, pozos, invernadoiros ou realización de calquera outro tipo de investimento ou obra que non poida ser retirado ao final da campaña.
- f) A persoa adxudicataria do horto será responsábel do mantemento e coidado das instalacións inherentes ao horto, así coma daquelas que sexan de uso común para as persoas usuarias da zona.
- g) Non está permitida a instalación de elementos que deteriorenen a paisaxe ou que alteren as instalacións existentes nin a acumulación de materiais na zona das hortas.
- h) Cando o informe de inspección sobre o estado dun horto sexa negativo ou desfavorable, seralle notificado á persoa autorizada, dispoñendo esta dun prazo de 15 días para achegarse á oficina de Medio Ambiente Natural, onde deberá asinar un aviso de supervisión ou ben a renuncia. Se tras asinar o aviso seguen sen cumprirse os requisitos, a autorización de uso do horto será derogada.
- i) As horas de rego estarán previamente estipuladas polo Concello.
- j) Disporase dun depósito de auga para regar a man fóra das horas de rego establecidas.

13.- Transferencia de usuarios

O uso dos terreos non poderá transferirse nin/ou cederse a unha terceira persoa baixo ningún concepto. Así mesmo, queda prohibido permitir a outro a ocupación ou utilización total ou parcial dos terreos, nin sequera de xeito provisional.

O incumprimento destas obrigas determinará a extinción automática da autorización, quedando facultado o Concello para recuperar para si a posesión do terreo.

14.- Prazo de aproveitamento e prórroga

O aproveitamento e/ou uso do terreo concederáse por un máximo de 2 anos, a contar dende a data que se dispoña na resolución pola que se autoricen os usos das hortas municipais comunitarias. Este uso poderase prorrogar por outros 2 anos.

A Oficina de Medio Natural emitirá informe sobre cada horto ao remate do prazo de autorización dos 2 anos, onde valorará a pertinencia de optar a unha prórroga ou non. A prórroga será automática no caso de que dito informe sexa favorable, previa petición expresa da persoa interesada no prazo previsto para a presentación das solicitudes da seguinte convocatoria.

Excedidos estes 2+2 anos de autorización de uso dunha horta municipal comunitaria, as persoas que formen parte desa unidade familiar trasladaranse ao final da listaxe, pasando deste xeito por un período de cadencia de 2 anos.

No caso daquelas persoas que accedan á autorización fóra do prazo ordinario (por exemplo, por desentendemento doutra ou por incorporación de novos hortos ao programa) a súa autorización cinguirase ao tempo restante ata a nova convocatoria, onde poderán acceder á prórroga se así o desexan.

15.- Control, vixilancia e perda da autorización de uso dos hortos

Correspóndelle ao Concello de Pontevedra o exercicio das funcións técnicas de asesoramento, vixilancia e sanción pola utilización das hortas municipais comunitarias, sendo as persoas autorizadas as responsábeis

do seu correcto uso, dos danos efectuados nos mesmos, nas súas instalacións e nos elementos empregados, sexan de titularidade municipal ou propia das persoas usuarias.

O Concello de Pontevedra inspeccionará as instalacións, polo método que se determine, e recollerá as incidencias acaecidas, que se comunicarán ás persoas autorizadas ao seu uso para que sexan solucionadas no prazo establecido.

O Concello de Pontevedra non se fará cargo de ningún dano ocasionado que sexa responsabilidade das persoas usuarias dos hortos.

No caso de que a Oficina de Medio Ambiente Natural determine que, durante a vixencia da autorización, a horta non se está a empregar seguindo os criterios establecidos nestas bases e demais normativa reguladora local seralle notificado á persoa autorizada. Esta disporá dun prazo de 15 días para acudir á oficina nomeada, onde deberá asinar un apercibimento ou ben a renuncia da autorización.

Se novamente volve a producirse esta situación, a Concellaría de Medio Ambiente Natural poderá dar por desistido do uso desta parcela e adjudicar o horto á seguinte persoa da quenda de agarda.

16.- Causas de extinción da autorización

Sen prexuízo dos supostos contemplados nas instrucións precedentes, constituirán causa expresa de revogación da autorización do uso das hortas municipais comunitarias as seguintes:

- a) Baixa voluntaria a petición da persoa adxudicataria
- b) Falecemento ou invalidez da persoa adxudicataria
- c) Non realizar a solicitude de renovación no prazo establecido
- d) Abandono do horto
- e) Incumprimento dos apercibimentos
- f) Transferencia ou cesión do uso do terreo a un terceiro
- g) Proceder á alteración, manipulación ou modificación das instalacións existentes (rego, tamaños dos bancais, etc.) sen a autorización municipal.
- h) Revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público en calquera momento.

17.- Responsabilidades

As accións ou omisións que infrinxan o previsto nas presentes bases, sen prexuízo de que poidan dar lugar á revogación da autorización, tal como se prevé na base 15ª, e da responsabilidade en vía penal, civil ou doutra orde que poida derivar nas mesmas, poderán conlevar á imposición de sancións unha vez sexa aprobada a correspondente ordenanza reguladora. Namentres os incumprimentos xerarán un apercibimento e, no suposto de reiterarse os mesmos, procederase á revogación da autorización.

Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de delito ou falta, a Administración pasará o expediente ao órgano xurisdiccional competente.

18.- Indemnización de danos e perdas

Toda persoa que cause danos nas hortas municipais ou instalacións anexas ás mesmas, deberá restablecelas ao seu estado orixinal no prazo de 15 días a contar dende a súa notificación e responderá das



perdas ocasionadas, con independencia das sancións administrativas ou xudiciais que resultaren procedentes.

19.- Reparación de danos en caso de urxencia

Nos supostos nos que, por motivos de seguridade ou calquera outros debidamente motivados, fora inaprazable a reparación dos danos causados, poderá procederse á súa inmediata restitución polo Concello de Pontevedra, esixíndose posteriormente o seu importe ao causante de ditos danos, previa incoación do expediente sancionador que corresponda.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica



ANEXO I
SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO SORTEO DE AUTORIZACIÓNS DE USO DE
PARCELAS DAS HORTAS MUNICIPAIS COMUNITARIAS

Servizo que tramita: Oficina de Medio Ambiente Natural

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome: _____ Apelidos: _____

Data nacemento: ____/____/____ NIF/NIE: _____

Enderezo: _____

CP: _____ Localidade: _____

Tel.: _____ Tel. móbil: _____

Correo electrónico: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE

Nome e Apelidos: _____ NIF/NIE: _____

Correo electrónico: _____ Tel. Móbil: _____

SOLICITA:

A ADMISIÓN NO SORTEO E O OUTORGAMENTO DUNHA AUTORIZACIÓN PARA O USO DUNHA HORTA MUNICIPAL COMUNITARIA

Os datos recadados a través desta solicitude serán incorporados ao sistema operativo do Concello de Pontevedra, responsábel do tratamento de datos de carácter persoal. Coa sinatura desta solicitude, dá o seu consentimento expreso para que os seus datos sexan tratados por parte do Concello. Os seus datos serán incorporados a un ficheiro denominado *Hortas Urbanas 2018-2020*, e xestionaranse e trataranse coa confidencialidade precisa, coa única finalidade de xestionar a participación na concesión da autorización.



I. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:

- Copia do DNI/NIE ou documento que legalmente o substitúa

II. MARQUE O RECADRO QUE CORRESPONDA:

Con autorización en convocatoria anterior

Nº bancal autorizado _____

Sen autorización anterior

III. VOSTEDE CONSTA NO REXISTRO DE SERVIZOS SOCIAIS OU NO REXISTRO DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM):

SI

NON

IV. INDIQUE A ORDE DE PREFERENCIA DE HORTA, CON NÚMEROS DO 1 AO 3 (SENDO O Nº 1 MAIOR PREFERENCIA E O Nº 3 MENOR PREFERENCIA). DE SÓ QUERER OPTAR A UNHA LOCALIZACIÓN, MÁRQUEA CUN "X"

<input type="checkbox"/>	Mirador de Monte Porreiro (1 horto de 0,7 x 6 metros)
<input type="checkbox"/>	Mirador de Monte Porreiro (2 hortos de 0,7 x 6 metros)
<input type="checkbox"/>	Horta do Conde na rúa de Conde Bugallal (2 x 10 metros)

V. DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:

1. Os datos facilitados anteriormente son veraces.
2. Estou capacitada/o para o traballo agrícola.

Os datos recadados a través desta solicitude serán incorporados ao sistema operativo do Concello de Pontevedra, responsábel do tratamento de datos de carácter persoal. Coa sinatura desta solicitude, dá o seu consentimento expreso para que os seus datos sexan tratados por parte do Concello. Os seus datos serán incorporados a un ficheiro denominado *Hortas Urbanas 2018-2020*, e xestionaranse e trataranse coa confidencialidade precisa, coa única finalidade de xestionar a participación na concesión da autorización.



3. Cumpro e acepto as disposicións das Bases polas que se regula o uso das hortas municipais comunitarias do Concello de Pontevedra.
4. Non convivo no mesmo domicilio con alguén que teña autorizado un horto municipal comunitario neste Concello.
5. Estou informada/o de que a inexactitude ou falsidade desta declaración é motivo de exclusión do sorteo da persoa que realiza a solicitude.
6. Autorizo expresamente ao Concello de Pontevedra, de ser preciso, a efectuar as consultas necesarias para comprobar as circunstancias expresadas e o cumprimento dos requisitos de outorgamento.

En _____, a ____ de _____ de 201__

Sinatura da interesada ou do/da representante

Os datos recadados a través desta solicitude serán incorporados ao sistema operativo do Concello de Pontevedra, responsábel do tratamento de datos de carácter persoal. Coa sinatura desta solicitude, dá o seu consentimento expreso para que os seus datos sexan tratados por parte do Concello. Os seus datos serán incorporados a un ficheiro denominado *Hortas Urbanas 2018-2020*, e xestionaranse e trataranse coa confidencialidade precisa, coa única finalidade de xestionar a participación na concesión da autorización.